

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP FELICIANO BARRERA
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: MÚSICA. ÓSCAR MANUEL MARTÍNEZ IGLESIAS
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1 Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. EMB1.1.3 Recoñece e discrimina os sons do seu contexto EMB1.1.4 Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.2 Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	EMB1.5.1 Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. EMB1.5.2 Utiliza notación non convencional para representar elementos do son EMB1.5.3 Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	EMB2.1.1 Repite esquemas rítmicos escoitados
B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.2.1 Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas EMB2.2.3 Fai de xeito consciente o proceso da respiración EMB2.2.4 Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.2 Xoga a pregunta- resposta con motivos melódicos e rítmicos EMB2.3.3 Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1 Responde co seu corpo a estímulos sonoros EMB3.2.2 Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música EMB3.2.3 Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Neste terceiro trimestre empregaranse a revisión e análise de algunhas das producións do alumnado que, de forma voluntaria, pediráselles: empregando as fotos, documentos e vídeos que nos envíen semanalmente a través da aplicación ClassDojo, por medio do seu Portfolio correspondente.</p> <p>Prestarase especial atención o estado anímico e emocional do alumnado e propóranse varias vídeo-conferencias para mellorar este aspecto.</p> <p>As actividades serán básicas e porase moito coidado en que non supoñan unha presión engadida para o alumnado, que debe percibilas como actividades enriquecedoras e complementarias.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Para o rexistro das observacións empregaremos listas de control e escalas de estimación. Igualmente, manterase unha comunicación continua coa familias e alumnado e, dado que Música é unha hora lectiva unicamente, teremos en conta esta circunstancia e só pediremos pequenos traballos para adaptarse a esta realidade. A avaliación é máis subxectiva nestas circunstancias polo que a súa principal función será diagnóstica.</p>
Cualificación final	<p>Para a avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso valorarase especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles anteriormente definidas neste documento.</p> <p>Farase media entre as cualificacións do primeiro e segundo trimestre do curso e engadirase a avaliación das actividades de recuperación e repaso e reforzo desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna. No caso contrario, non se terán en conta na cualificación final.</p>
Alumnado de materia suspensas no 1º e 2º trimestre	<p>Non hai ningún caso de alumnado coa materia suspensa nos trimestres 1º e 2º.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Na medida do posible deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares.</p> <p>Repaso: Actividades de carácter auditivo (recoñecemento de sons do entorno, distintas voces femininas, masculinas, infantís), xogos rítmicos cas figuras dadas, xogos de movemento, rítmicos, propostas de cancións, pequenas coreografías, cancións.</p> <p>Reforzo: Actividades que permitan consolidar os coñecementos dos contidos, exercicios do tipo de observación, repetición, memorización e interpretación.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o alumnado deste curso dispón dalgún tipo de conectividade, polo menos un smartphone con internet propio. Igualmente prestarase especial atención aos posibles cambios que se poidan producir neste aspecto. Nestes dispositivos consultan e envían as tarefas. Ao ser eminentemente prácticas mediante fotos e vídeos.</p> <p>Empréganse plataformas dixitais como ClassDojo e a aula virtual do centro, acceso a vídeos aloxados na rede e posterior comentario.</p> <p>Con este alumnado será fundamental o uso de webex para a realización segura de videoconferencias.</p>
Materiais e recursos	<p>O profesorado está a empregar os recursos dos que dispón no seu propio domicilio (conexión de internet, teléfono, ordenador, cámara web e micrófono).</p> <p>O alumnado ten na casa os libros de texto e todo o material escolar necesario. Ademais empregan distintos dispositivos multimedia (ordenador, tableta e/ou teléfono móbil).</p> <p>Recursos materiais: lapis, folios e caderno e outros de fácil acceso ou adquisición para a realización dalgúns tarefas musicais.</p>

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A información a comunicar aos diferentes grupos publícase na web do colexio e na aplicación Class Dojo.</p> <p>A información individual transmítese ao alumnado e ás familias a través do teléfono, mediante Class Dojo (mensaxes en xeral a toda a clase ou individuais).</p>
Publicidade	<p>As modificacións realizadas na programación do terceiro trimestre reflexadas neste documento serán publicadas na web do centro. Para que a información chegue ao maior número posible de familias, enviaremos o enlace correspondente por todos os medios de comunicación que está a empregar o centro durante este proceso de ensino a distancia: teléfono, correo electrónico, Abalar Móbil, Class Dojo e Whatsapp.</p>